

ACORDOS ADOPTADOS

Acordos da sesión ordinaria da Comisión Permanente da Escola Superior de Enxeñaría Informática da Universidade de Vigo, que tivo lugar o día **4 de novembro de 2021**.

1. Apróbanse por asentimento as actas das sesións anteriores (10/02/2021, 23/06/2021, 13/07/2021, 23/07/2021, 6/09/2021 e 16/09/2021).
2. O Director informa de que:
 - Dispónse dos borradores das memorias do Grao e do Máster en Intelixencia Artificial.
 - O Máster en Blockchain e tecnoloxías DLT non se considera un máster e se enfoca como unha especialidade do máster de Ciberseguridade.
 - O novo decreto sobre os títulos universitarios oficiais afecta en:
 1. Permite a Mención Dual.
 2. Ofrece programas académicos con Itinerarios Integrados 3+2. Non permite reservar prazas no máster para este alumnado.
 3. Permite comezar o máster tendo pendente o TFG.
 - Participouse cun stand en "EDUGAL: Salón da oferta de educación e formación de Galicia" celebrado en Pontevedra e tamén na G-Night.
 - Adquiriuse novo material co diñeiro aportado pola Xunta de Galicia derivado das novas titulacións.
 - Solicitouse participar no EMJM Erasmus Mundus Joint Master.
 - Respecto á matriculación no curso 2021/2022 matriculáronse:
 1. 164 novos estudantes no Grao en Enxeñaría Informática, sendo a nota de corte 9,126;
 2. 7 novos estudantes no Programa Conxunto ADE+EI, sendo a nota de corte 11,784;
 3. 15 novos estudantes no Máster en Enxeñaría Informática, habendo 21 solicitudes válidas.
 - Renováronse luces por luces led.
 - O curso comezou cos aforos restrinxidos e cambiouse a sala de estudo por un laboratorio.
3. Ratifícase por asentimento a asignación definitiva de prácticas externas da Titulación de Grao en Enxeñaría Informática a dous alumnos.

4. Apróbanse por asentimento, con respecto á asignación provisional dos Traballos de Fin de Grao e Profesorado Titor para o curso 2021/2022, os seguintes puntos:
 - Dar o visto e praxe aos titores dos TFG de asignación directa.
 - Asignar TFG aos alumnos que o solicitaron e dar o visto e praxe aos seus titores.
 - Asignar TFG por oficio aos alumnos que non teñen TFG asignado e dar o visto e praxe aos seus titores.
5. Apróbase por asentimento o cambio de titor de Traballo de Fin de Grao solicitado.
6. Apróbanse por unanimidade as compras de recursos e servizos de apoio necesarios para a formación ou docencia solicitados polo profesorado.
7. Non hai queixas ni suxestións.
8. Pregúntase polo prazo para elaborar a PDA do Grao en Intelixencia Artificial.